

Sendegal

Tempo estimado de lectura: 2 min 30 seg

Autor: **Xanela Aberta á Familia**



Que é SENDEGAL?

É unha aplicación, realizada por Turismo de Galicia, en colaboración coa Federación Galega de Montañismo, que permite coñecer os **roteiros oficialmente homologados de Galicia para o sendeirismo**, integrando a descrición de cada unha delas coa súa visualización, perfil topográfico, grao de dificultade... así como as valoracións e comentarios útiles doutras persoas que xa a percorreron antes. A información proporciónase en galego, en castelán e en inglés, de maneira que o usuario opta polo idioma que prefira desde a primeira pantalla de presentación.

Onde está dispoñible?

De forma **gratuita** para as plataformas móbiles [Android](#) e [iOS](#).

Están dispoñibles ademais os perfís propios da aplicación nas principais redes sociais especializadas en sendeirismo ([Every Trail](#), [Wikiloc](#)), nas que se pode consultar ou descargar directamente ao dispositivo móbil, os roteiros homologados en Galicia

Que ofrece?

Para cada unha das sendas, a aplicación dispón dos planos de cada roteiro, que poden descargarse e/o gravarse previamente na memoria do teléfono, co que durante o roteiro pódese empregar o dispositivo con modo en liña ou non. En ambos os casos, o *GPS* indica a posición para poder seguir o camiño sen dificultade.

Sendegal incorpora tamén un modo de procuras por listaxe ou mapa, que proporciona información sobre:

- A lonxitude do roteiro
- O tempo estimado do percorrido
- O grao de dificultade
- O perfil topográfico
- Imaxes e outros datos de interese
- Valoracións ou comentarios de utilidade para outros/as sendeiristas

Para máis información: [Sendas para descubrir un país - GALICIA \(turismo.gal\)](#)

